



ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena
Álvarez Moreira, José Ángel
Alverte Pivida, Rodrigo
Araújo Fernández, María
Area Carracedo, Iván Carlos
Ares Ferreirós, Martina
Báez Montero, Inmaculada
Blas Varela, M^a Esther de
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bouza Rodríguez, José Benito
Bueno Alonso, Jorge L.
Caamaño Martínez, José Carlos
Cancho Grande, Beatriz
Casas Rodríguez, Diego
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Comesaña Benavides, José Antonio
Comesaña Piñeiro, Rafael
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, María Consuelo
Dafonte Gómez, Alberto
Dapia Conde, María Dolores
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Diéguez Quintas, José Luís
Dominguez Domínguez, Rubén
Dopico Castro, Marcos
Estévez Orge, Marcos
Falagán Mota, Jorge
Fariña Rodríguez, José
Fenollera Bolívar, M^a Inmaculada
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Rey, Aser Ángel
Fernández Riverola, Florentino
Fernández Souto, Ana Belén
Ferro Soto, Carlos Antonio
Formoso Vázquez, David Elisardo
Fraiz Brea, José Antonio
Franco Matilla, M^a Inmaculada
Gallardo Medina, Mercedes
Gándara Pérez, José Antonio
García Fuentes, Olalla
García García, Óscar
García González, Silvia
Garrido Campos, Julio
Garrote Velasco, Gil
Gómez Rodríguez, Alma M^a
González Álvarez, Dolores
González Barreiro, Alicia
González Santamaría, Pedro
González Varela, Luís
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Blanco, Raúl
Iglesias Briones, María Jesús
Lago Maciel, Pablo
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Lantarón Caeiro, Eva María
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Periago, José Eugenio
López Rubianes, Lucrecia M^a
Macías Cambra, Henrique
Marcet Miramontes, Purificación
Martín Moreno, José M.
Martínez Piñeiro, Manuel
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mojón Ojea, Artemio
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Morán Martínez, M^a Paloma

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **28 de xuño de dous mil vinte e un**, convocada para ás 09.30 h en primeira convocatoria e ás 10.00 h en segunda, de xeito presencial no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (Campus de Pontevedra), así como de xeito virtual a través do Campus Remoto – Sala 29 (Claustro Universitario). Acadado o quórum necesario ás 10:00 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13 de abril de 2021.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do Regulamento de estudantes.
4. Informe sobre os programas MEET e PAT.
5. Aprobación, se procede, da creación do centro interuniversitario ECOBAS.
6. Aprobación, se procede, da comisión redactora do regulamento de avaliación.
7. Elección dos membros da comisión redactora do regulamento de inspección.
8. Elección dos membros da comisión asesora da Valedora Universitaria.
 - A. Consello de Campus de Ourense (1 vacante).
 - B. Consello de Campus de Pontevedra (2 vacantes).
 - A. Un representante do PDI e o seu correspondente suplente.
 - B. Un representante do alumnado e o seu correspondente suplente.
 - C. Un representante do PAS e o seu correspondente suplente.
9. Elección de membros do C.G. polo sector Decano/as e Directores/as: 2 vacantes.
10. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito):
 - A. Ciencias experimentais e Ciencias da saúde.
 - B. Ciencias Xurídico-sociais.
 - C. Tecnoloxía.
11. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros :
 - C. Consello de Campus de Ourense (1 vacante).
 - D. Consello de Campus de Pontevedra (2 vacantes).
12. Informe sobre as actuacións levadas a cabo ante un posible traslado de certas titulacións do Campus de Marcosende ao Campus de Vigo cidade e debate sobre eventuais medidas a adoptar.
13. Quenda de intervencións.

Segundo o sorteo da letra para as intervencións, levado a cabo pola Mesa, comezarase pola letra “K”. De alongarse en exceso a sesión, acórdase que se suspenda sobre as 15:00 h, se fose a prolongarse máis aló.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Moure Rodríguez, María José
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Ovejero Campos, Aida
Pardo Froján, Juan E.
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Pérez Álvarez, María José
Pérez Cota, Manuel
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Rodríguez, M. Rosa
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Cabrer, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Rivas Conde, Filemón
Rivo López, Elena
Rodríguez de la Fuente, Marta
Rúa Estévez, José Manuel
Rubio Armesto, M^a Belén
Saiz Rodríguez, Anna María
Santalla del Río, María Verónica
Siota Álvarez, Mónica
Sotelo Dios, Patricia
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Sueiro Justel, Joaquín
Torres Outón, Sara M^a
Torres Pérez, Francisco José
Torres Romay, Emma
Vaquero García, Alberto
Varela Álvarez, Enrique
Vázquez Otero, M^a Elsa
Vázquez Vázquez, Miguel Ángel
Vera Isasa, María
Vila Alonso, M^a de las Mercedes
Villanueva Torres, Daniel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Castro Cerceda, M^a Luisa
Dominguez Araújo, Lara
Felpeto Rodríguez, Beatriz
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Prieto, Marta
Godoy Malvar, Eduardo
Isorna Folgar, Manuel
López Mira, Álvaro Xosé
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Noya Padín, Isabel
Teixeira Bautista, Marta
Teira González, Eva

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13/04/2021.

O reitor informa de que se recibiu unha modificación á acta por parte do profesor Iván Area, matizando como foi recollida unha das súas intervencións e, dado que non afecta a outros contidos da acta, consultada a gravación, que coincide co escrito do profesor Area, pide ao Claustro que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior, incluíndo a modificación solicitada por Iván Area.

2. Informe do reitor.

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- Plan de financiamento: está próximo un acordo entre a Consellería e as Universidades, que xa teñen unha proposta de consenso.
 - Mapa de titulacións; aspirase ao máximo consenso no sistema galego. Hai que manexar distintos criterios, procedentes da Consellería e do acordo entre as Universidades, que xa foron acordados. Haberá que traballar nas iniciativas de titulacións e fala en concreto do grao en intelixencia artificial, que se compartirá entre as tres Universidades do SUG. Expón brevemente cales son os criterios, entre outros, a demanda profesional, o profesorado dispoñible ou a contorna social.
 - Seguen a darse os pasos sobre a creación da Facultade de Enfermaría.
 - Aprobeuse o Convenio para a instalación do Skate Park en Pontevedra.
 - Celebración da xuntanza sobre o impacto da COVID en Galicia.
- Obras sobre enerxías renovables nos tres Campus. Rematou a xeotermia en Ourense.
 - A UVigo entrou en SIGMA-AIE.
 - Avances no Edificio de Benito Corbal no Campus de Pontevedra, onde se iniciarán as clases da Facultade de Deseño.
 - En canto á CRUE, están poñéndose en funcionamento axudas ás universidades para a dixitalización. Estanse a negociar aspectos da nova LOSU.
 - Aprobeuse a creación do CINTECX polo Consello Galego de Universidades.
 - Asinado o Convenio sobre o programa universitario de maiores (PUM).
 - Homenaxe a Xela Arias no marco do Día das Letras Galegas nos tres Campus. Na do Campus de Ourense estiveron presentes os familiares da autora.
 - Cátedra Institucional de Finanzas Autonómicas dirixida por Santiago Lago.
 - Acordo para continuar a labor de Xavier Gómez Guinovart.
 - Presentación do estado de desenvolvemento do Inventario Forestal de Galicia onde interviñeron expertos da Universidade de Vigo, como Juan Picos.
 - Conflito no máster proposto pola Facultade de Fisioterapia: promoverase unha segunda negociación, á vista do escaso éxito da primeira. Se recibirá asesoramento externo dunha xurista experta.
 - Inauguración do Edificio Redeiras, na praza do Berbés.

- Xuntanza no instituto de Nanotecnoloxía de Braga sobre o Iberian Agro-Food Lab (laboratorio transfronteirizo) no marco do Workshop on Iberian Cooperation.
- No pleno do “Consejo de Universidades” non se tomou ningunha decisión, simplemente informou o Ministro de Universidades sobre distintas iniciativas legislativas, en particular, a nova Ley Orgánica do Sistema Universitario (LOSU).
- Asinouse o Convenio Erasmus coa Deputación de Pontevedra, dotado con 100.000 euros, que se reciben ao inicio da estadia. Agradece a colaboración da Deputación.
- Celebración da VII Xornada Universitaria Galega en Xénero.
- Celebración do acto de xubilación do persoal da Universidade de Vigo, onde interviñeron Ángeles Carballo en representación do PAS e Jesús de Juana polo PDI.
- Informa sobre a convocatoria de recualificación do Ministerio. Está prevista a mesa de negociación e un Consello de Goberno extraordinario para aprobalo o día 1 de xullo.
- Segue a negociarse a funcionarización do PAS laboral.

3. Debate sobre o traslado de certas titulacións do Campus de Marcosende ao Campus de Vigo cidade.

O reitor inicia o punto dando a súa opinión persoal, cunha cita do Quijote, en relación sobre algunhas intervencións dos membros da comunidade universitaria, que considera que non se axustaban á realidade dos feitos, en particular, respecto o custe previsto da operación, así como a liberdade sobre o posible emprego dos cartos que se poderían empregar no proxecto. Afronta tamén as insinuacións recibidas sobre a súa dimisión, que entende non estaban xustificadas.

Non había intereses ocultos neste asunto e as decisións non estaban tomadas, dado que iso dependía da vontade dos membros da comunidade universitaria, a través das enquisas, e dos propios centros.

Manuel Fernández Iglesias solicita que se suspenda o punto por entender que falta a documentación para o debate, segundo o artigo 8.2 do Regulamento, dado que se trata dun punto de debate. O reitor entende que o artigo 8.2º establece que debe aportarse a documentación “necesaria” para debater este punto. Reúnese a Mesa para tratar si se retira ou se mantén o punto.

Pedro González Santamaría entende que non procede retirar o punto nin aportar documentación porque se vai falar dos posicionamentos en torno a esta cuestión. Ángeles Peña concorda e Paloma Morán entende que debe ser simplemente manifestar opinións. O secretario xeral opina que é a mesma situación que si alguén pregunta na quenda de intervencións sobre o asunto do debate. Aser Fernández indica no chat “que non se debería retirar” e Diego Casas sinala no chat “que non se debería retirar, é un intercambio de pareceres e creo que é oportuno coñecer as variadas opinións”.

Por unanimidade a Mesa decide continuar co punto. Manuel Fernández pide no chat “solicito expresamente que a miña proposta de retirar o punto da orde do día se recolla na acta desta sesión do Claustro xunto coa decisión da Mesa”.

Íñigo Cuiñas pide que conste que abandona a reunión ás 10:56.

O reitor continúa coa exposición do seu punto de vista, resumindo brevemente como foi o proceso de consulta a comunidade universitaria, a través das enquisas.

Manuel Fernández indica no chat “Esto é inaudito. Están as enquisas e non as temos. Está ao borde da prevaricación administrativa, Sr. Reitor”. O reitor sinalalle que vai perder os papeis, aínda que acorda concederlle a palabra. Manuel Fernández continúa coa súa intervención subliñando a falta de transparencia e sinalando que, ao seu ver, o tratamento do asunto non resulta democrático. O reitor rexeita as acusacións formuladas e indica que a Mesa foi reunida e adoptou a decisión. Manuel Fernández alude ao seu bo coñecemento do regulamento do Claustro e insiste nos seus argumentos, dado que se trata dun punto de debate e insiste en que falta a documentación para este punto, entendendo que o reitor coñece a información pero non a maioría dos membros do Claustro, en particular, os resultados das enquisas. Indica que falaba de prevaricación no sentido de tomar a decisión de seguir co punto. O reitor lembra que para que exista

prevaricación debe haber unha resolución dun órgano no marco dun procedemento e que a Mesa acordou por unanimidade continuar con este punto.

Rosa Pérez indica no chat que “o certo é que dos outros puntos da orde do día está a información dispoñible con antelación. Deste punto en concreto, non está. Só deste”. Xan Cebro comenta tamén no chat: “home Manuel, dis falta de transparencia e debate democrático, estás de coña, cando fuches responsable da área menos transparente da universidade: FUNDACIÓN UVIGO. Cantos cartos lle costou e lle costa ás arcas da universidade a fundación, cando se debateu todas esas fundacións, S.A e outros temas cos anteriores gobernos”. Debaten brevemente sobre este asunto no chat.

O reitor continúa expoñendo o punto, amosando brevemente os resultados das distintas enquisas, en particular, a consulta aos membros dos centros de Vigo. Segundo a folla de ruta, houbo sesións informativas e de debate coa comunidade, que comezaron o 5 de marzo cos decanatos e direccións de centros. Asemade, houbo xa consultas aos centros. O único centro que respondeu favorablemente foi a Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo, que será entón o único cuxa Xunta de Facultade poderá pedir ocupar espazos na cidade ao equipo de goberno, valorándose entón as posibilidades efectivas (tras os estudos de viabilidade financeira e de análise de riscos) e levando unha proposta ao Consello de Goberno. O reitor indica que non é unha decisión que corresponda ao Claustro, se non que sería do equipo de goberno en función das decisións dos centros. Abre paso ao debate.

Joaquín Sueiro indica no chat “alégrome de q se paralice o traslado á Lopez Mora... edificio onde se deu unha entrevista á prensa por parte do reitor, o alcalde e o presidente da Zona Franca”. O reitor responde que o cartel foi posto porque se nos cedera por un mes como sala de lectura. Joaquín Sueiro comenta que contribuía a confusión.

Elsa Vázquez Otero quéixase de que non tivo tempo de assimilar os datos que comentou o reitor e non sabe o que se pretende debater neste punto da orde do día e pregunta o que é. Manuel Fernández reitera a mesma pregunta. Rosa Pérez comenta que o señor reitor manifestouse ofendido ao comezo do punto sobre presuntas mentiras e entende que á Facultade de Filoloxía e Tradución se lle informou do traslado a López Mora e amosa a súa sorpresa pola falla de información sobre este punto. O reitor agradece a Rosa Pérez que de inicio ao debate, respondendo así aos dous anteriores membros. Rosa Pérez insiste que, en principio, a decisión parecía tomada e que había unha planificación sobre a baixada de centros. O reitor sinala cal era a folla de ruta que lle pasou a decanos e directores o 5 de marzo, onde se indicaba como se procedería coas consultas. O reitor insiste en que corresponde só a decisión á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, aínda que pensa que non lles interesará. Francisco Torres, decano da devandita facultade, agradece a información e lembra a reunión que se fixo co reitor. Recoñece que a título particular que o cambio non lle convence e que sería mellor un centro de posgraos na situación prevista. Comenta asemade os resultados das enquisas en Ciencias Xurídicas e pregunta se se sabe cantos estudantes se manifestaron á hora de facer a enquisa. O reitor responde que se farán chegar aos centros. Francisco Torres agradece o debate e o talante do reitor, que lle agradece o ton conciliador empregado na súa intervención.

Miguel Ángel Nombela pregunta pola previsión da construción dun novo edificio na ETEA, dado que van levar este punto a unha próxima xunta de Facultade. O reitor aclara que segundo o resultado das enquisas a Facultade de Ciencias do Mar, que dirixe o profesor Nombela, apostou por quedar en Marcosende. Aclara que, a nivel persoal, entende que esta Facultade estaría mellor situada na ETEA, pero que, dados os resultados das enquisas, non será así. Elsa Vázquez pregunta cando chegaron as enquisas. O reitor indica que se enviará a información xunto cos resultados das enquisas.

Manuel Fernández sinala no chat “Sr. Reitor, pode estar seguro que os que defendíamos outra cousa tamén o facíamos polo ben da Universidade, e tamén lle dedicamos moitas horas”. O reitor resposta que para el todos os equipos anteriores fixeron o que entendían mellor, malia que a súa actitude na oposición foi distinta da amosada por algúns neste asunto. Rosa Pérez sinala “quen estamos en contra de baixar a López Mora pensamos tamén no ben da Universidade, non no noso propio, conste”.

O reitor insiste en que, agás que a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo amose interese, non haberá baixada de titulacións á cidade de Vigo.

Quere que conste a súa implicación na baixada dalgunhas titulacións, en particular, a de Ciencias do Mar, malia que non foi quen de convencer, aínda que fixo mais de dezaseis xuntanzas a este respecto.

Conclúe o debate.

4. Informe sobre o cumprimento de compromisos electorais polo equipo de goberno.

O reitor comeza cunha explicación relativa á oportunidade do presente informe de cumprimento de obxectivos, feito que se ten producido desde o primeiro ano de mandato, malia que en esta ocasión mudou o título. Pensa que é unha das funcións esenciais do Claustro controlar o cumprimento dos seus compromisos electorais polo equipo de goberno e que corresponde, en todo caso, á Mesa do Claustro aprobar os puntos da orde do día, que sempre se aprobaron por asentimento. O programa de goberno non é algo gardado nun caixón, se non algo validado por toda a comunidade. En todo caso, entender que ao falar do cumprimento dos compromisos se fai propaganda electoral parécelle que é signo de ter cumprido os compromisos.

Pasa a expoñer brevemente os logros acadados nos compromisos contidos no decálogo do quipo de goberno:

- Garantir o acceso aos estudos universitarios conxelando as taxas.
- Dignificación e valorización da calidade da docencia (no que se inclúe o programa Docentia).
- Nova RPT para o PAS: vaise con retraso a este respecto, en parte, pola xestión da pandemia.
- Participación e mellora do clima laboral: promocionouse a mediación e a negociación cos membros da comunidade universitaria.
- Xestión do talento: intensificación da captación de estudantes de grao, posgrao e doutoramento.
- Aproveitamento do capital humano da institución: reduciuse a burocracia coa simplificación dos trámites e procedementos, incluíndo moitos servizos de xeito automatizado.
- Criterios sinxelos, estables e permanentes para a promoción e consolidación do PDI.
- Poñer a Universidade á disposición do estudantado: fomento do exercicio dos dereitos do estudantado, coa aprobación do Regulamento de Estudantes.
- Avanzar na desprecarización dos colectivos de PDI encargados na actualidade de impartir docencia estrutural na UVigo: negociouse o plan de medidas para a promoción do profesorado asociado.
- Recuperación do poder adquisitivo do PDI: expón o cumprimento na porcentaxe de complemento específico das pagas extras, que se cumprirá integramente ao final do mandato.
- Remata expoñendo un cadro cos graos de cumprimento.

Rebeca Díaz pregunta se os puntos eran dez ou once e, en concreto, por que non coinciden os documentos manexados na campaña. O reitor o aclara. Rebeca Díaz pregunta pola financiación de certos programas de internacionalización que lle corresponden ao seu centro, que parece estar en dúbida. O reitor agradece aos centros que teñen liñas en inglés e que proporcionará a información exacta unha vez que a reclame. Rebeca Díaz insiste na importancia da liña en inglés no seu centro. O reitor comprométese a falar coa Directora sobre este asunto. Manuel Fernández intervéñ para insistir na liña comentada pola profesora Rebeca Díaz explicando cal é, segundo a súa opinión, o obxectivo das titulacións en inglés, para proporcionar un valor engadido, e comenta sobre os plans de captación de estudantado estranxeiro que xa existían na Universidade, recomendando ao equipo de goberno que lles preste atención. Felicita expresamente ao equipo de goberno polos éxitos acadados ata o momento e aclara a súa postura sobre a inclusión deste punto na orde do día, que xa manifestara por correo electrónico. O reitor agradece as observacións, así como o ton empregado.

Xoán Cebro fai referencia, como representante sindical, á necesidade de continuar na mesma liña nos seguintes catro anos, de saír reelixido, dado que non soe ser frecuente, na súa opinión. Pensa que sempre

hai que ceder para chegar a acordos e que na semana que ven se asinará o acordo sobre funcionarización, que será un gran acordo. Lembra como foron as anteriores RPTs, segundo el, moi negativas en xeral. Entende que hai un bo entendemento coa Xerencia e que, pola parte social, isto é o que se pide a un equipo de goberno e a un equipo xerencial. Pide que se resolva un asunto pendente ante a Consellería, en canto ao cumprimento da carreira administrativa, no marco da EBEP, que quedou paralizado pola pandemia, dado que sería decisivo para o SUG e un éxito para a UVigo se o impulsa. Felicita entón polo traballo feito ao equipo de goberno neste asunto. O reitor agradece a intervención e sinala que non vai mudar de opinión ou de liña, de resultar reelixido novamente.

Luis González Varela, na mesma senda de Xoán Cebro, indica que co estudantado, malia algúns desacordos, houbo negociacións importantes, aínda que faltan certos asuntos, como o regulamento de avaliación. Agradece o cambio de talante do equipo respecto do estudantado, agardando que no próximo programa se contemplen os dereitos do persoal laboral investigador da Universidade. O reitor pensa que foi unha mágoa que na mesa de negociación do SUG no houbera acordos, e que un atranco importante é o relativo ao plan de financiamento. Lembra a importancia de ter aprobado o regulamento de estudantes.

O reitor agradece todas as intervencións.

5. Aprobación, se procede, do regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que pasa a expoñer a proposta:

OS OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA SON OS SEGUINTEs:

- Actualizar o regulamento de titulacións propias da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno o 22 de xullo de 2003.
- Desenvolver un marco normativo para múltiples programas de formación permanente na Universidade de Vigo: tanto os que xa se están a realizar como os que poden ser de interese para a institución.
- Definir as funcións da Comisión de Estudos Propios (comisión delegada de Consello de Goberno) para a aprobación, seguimento e supervisión da calidade dos programas de formación permanente da UVigo.
- Definir as funcións da Escola Aberta de Formación Permanente.
- Potenciar a oferta dun catálogo coordinado de formación permanente: “Campus Aberto” (campusaberto.uvigo.gal)
- Favorecer a creación de títulos propios interuniversitarios ou baixo convenio de colaboración con entidades externas.

EN CANTO AOS TÍTULOS PROPIOS DE ESPECIALIZACIÓN ACADÉMICA:

- Actualización ao crédito europeo (ECTS).
- Definición dos títulos propios de posgrao de acordo ás recomendacións do Consello de Universidades para as súas denominacións e carga en ECTS.
- Deseño dun sistema modular que facilita o acceso do estudantado aos títulos propios.
- Redución dos trámites administrativos para a solicitude e re-edición dos títulos propios.
- Inclusión de mecanismos de apoio ás direccións académicas para a elaboración das propostas, publicidade e captación.

SOBRE OUTROS PROGRAMAS DE FORMACIÓN PERMANENTE, DESTACA:

- Creación dun itinerario formativo para o Programa Universitario de Maiores, baseado en ECTS, que favoreza as relacións interxeracionais e potencie as competencias culturais, sociais e dixitais.

- Potenciar o desenvolvemento de cursos masivos (MOOC)
- Favorecer a creación de programas específicos de formación para determinados colectivos como, por exemplo, as persoas con diversidade funcional.

EN CANTO AO DESENVOLVEMENTO DA NORMATIVA:

- O regulamento que se presenta a aprobación estivo en exposición pública desde o 5 de abril ao 5 de maio de 2021.
- Recibiuse unha alegación ao artigo 56.5º, por parte da presidencia da Asociación de Aulas de Formación Aberta na que solicitan que non se apliquen excepcións e que se recoñeza aos estudantes universitarios maiores como estudantes de pleno dereito, podendo ser electores e elixibles nos órganos de goberno da Universidade.
- Propuñan o seguinte texto para o artigo 56.5º: “As persoas matriculadas no Programa Universitario de Maiores terán todos os dereitos do estudiantado das titulacións oficiais da Universidade de Vigo ata a finalización do seu programa de estudos, coas seguintes excepcións:
 - a. as referentes a bolsas e programas de mobilidade,
 - b. a participación en procesos electorais e pertenza aos órganos de goberno, no que unicamente terán os dereitos que se recollan explicitamente nas correspondentes normativas.”

Consensuouse a seguinte redacción: “*as persoas matriculadas no Programa Universitario de Maiores terán todos os dereitos do estudiantado das titulacións oficiais da Universidade de Vigo ata a finalización do seu programa de estudos. No relativo á participación en procesos electorais e pertenza aos órganos de goberno, terán os dereitos que se recollan no regulamento electoral da Universidade de Vigo*”.

- Recibíronse observacións e/ou achegas de mellora por parte de persoas que desenvolven o seu traballo nos Servizos de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría, Control interno, Xestión de Estudos de Posgrao, Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos e na Área de Calidade.
- Mantivéronse reunións con todas estas persoas e/ou servizos chegándose a un acordo na redacción que se presentada ao Claustro.
- Tanto o documento en exposición pública como o presentado ao Claustro foron ademais remitidos á Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo.

MODIFICACIÓNS MÁIS RELEVANTES NO REGULAMENTO PARA APROBACIÓN:

- Establécese o Consello Social como órgano responsable de fixar todos os prezos, reducións e pago por recoñecemento de créditos nos títulos propios (artigos 24, 30 e 52).
- A simultaneidade de estudos limítase aos mestrados modulares nos que o estudante pode obter un título de experto/especialista, aínda cando non consiga superar a titulación de acceso (artigo 26).
- Mellórase a redacción dos artigos 49 e 50 no que se refire a xestión de pagos e devolución de matrícula.
- Introdúcese o artigo 5 sobre garantía da calidade.
- Elimínase a participación de persoal para a xestión administrativa dos títulos propios que recaerá sempre no persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo ou en persoal contratado en virtude dun nomeamento como funcionario/a interino/a (artigo 23).
- Descríbese con máis detallade os orzamentos dos títulos propios e o pago a expertos externos (artigo 22, 32 e 42).
- Engádense os dereitos do estudiantado á revisión e impugnación das cualificacións (artigo 25).

Luis González Varela agradece o traballo realizado, dado que se trata dunha reivindicación histórica, e propón incluír a estes estudantes para a próxima elección do Claustro. José Francisco Montero Reguera subscribe a proposta no chat. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que se fará o posible para que así sexa.

Apróbase por asentimento o Regulamento de programas de formación permanente.

6. Aprobación, se procede, do informe sobre a creación de tres centros docentes.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón as liñas básicas dos informes, que foron aportados coa documentación. Tras indicar os pasos a seguir no procedemento xeral, pasa a expoñer os tres informes:

1. FACULTADE DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

- Campus de Ourense: en Edificio propio cedido/construído (comezo no edificio Xurídico-Empresarial).
- Titulacións iniciais: Grao de Relacións Internacionais
- Ámbito: Ciencias Sociais e Xurídicas
- Estudantado estimado: 187
- Profesorado estimado: 15 ETC
- Custe anual: 90.045 €
- Elaboración da memoria: Membros da UVigo da Comisión Interuniversitaria de elaboración da memoria do grao en Relacións Internacionais.

2. FACULTADE DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA

- Campus de Pontevedra: Edificio compartido coa Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
- Titulacións iniciais:
 - Grao de Dirección e Xestión Pública
 - Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional.
- Ámbito: Ciencias Sociais e Xurídicas.
- Estudantado estimado: 212
- Profesorado estimado: 41 (16 total)
- Custe anual: 90.045 €
- Elaboración da memoria: Xunta de titulación do grao en Dirección e Xestión Pública.

3. FACULTADE DE DISEÑO

- Campus de Pontevedra: Edificio Benito Corbal
- Titulacións iniciais:
 - Grao de Diseño
 - Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda
- Ámbito: Arte e Humanidades
- Estudantado estimado: 260
- Profesorado estimado: 22 ETC

- Custe anual: 90.045 €
- Elaboración da memoria: Xunta de titulación do grao en Deseño.

Enrique Varela, futuro decano da nova Facultade de Dirección e Xestión Pública agradece ao equipo de goberno por chegar ata aquí, considerando ademais que todo este proceso coincidiu coa pandemia, así como á decana da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado entende que todo é moito mais fácil cando todos reman no mesmo sentido. Emma Torres Romay súmase aos agradecementos e indica que teñen toda a colaboración desde o decanato actual e lembra o compromiso do equipo reitoral en canto á mellora das infraestruturas necesarias para o centro nun edificio que será compartido. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado adiántalle que terá noticias ao respecto proximamente.

Apróbanse os informes de creación de centros docentes.

7. Aprobación, se procede, da creación do Centro de Investigación interuniversitario en Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, que pasa a explicar as particularidades da creación do CISPAC.

No ano 2017, a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia decide promover en colaboración coas universidades do SUG a posta en marcha dun centro de investigación vinculado ás ciencias sociais e humanas que ocupará os espazos do Edificio Fontán na Cidade da Cultura, como centro interdisciplinar para o estudo da paisaxe. Expóñese asemade o proceso de constitución.

A vicerreitora de Investigación pasa a sinalar a continuación os principais fitos relativos ao CISPAC, sobre a base do documento que foi achegado coa documentación e que presenta a seguintes estrutura:

- Axenda Científica
- Análise Externa
- Análise Interna
- DAFO
- Reflexión estratéxica
- Plan de acción 2021-2025



CAMPOS

LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

PROGRAMAS CIENTÍFICOS

ligados a futuros proxectos de investigación




O CISPAC aborda 11 dos 17 obxectivos:

- | | |
|--|---|
| 1. Fin da pobreza | 9. Industria, innovación e infraestrutura |
| 2. Fame cero | 10. Redución das desigualdades |
| 3. Saúde e benestar | 11. Cidades e comunidades sostibles |
| 4. Educación de calidade | 12. Produción e consumo responsables |
| 5. Igualdade de xénero | 13. Acción polo clima |
| 6. Auga limpa e saneamento | 14. Vida submarina |
| 7. Enerxía alcanzable e non contaminante | 15. Vida de ecosistemas terrestres |
| 8. Traballo decente e crecemento económico | 16. Paz, xustiza e institucións sólidas |
| | 17. Alianzas para lograr os obxectivos |

Os/as investigadores/as garantes que forman parte do CISPAC reúnen tres dos catro seguintes criterios:

- Posúe tres sexenios de investigación e o último deles vixente.
 - Figura como coordinador/a ou investigador/a responsable de polo menos 3 proxectos de I+D do Programa Marco da EU ou do Plan Estatal de I+D da Administración Xeral do Estado nos últimos 10 anos.
 - Ten captado polo menos 350.000€ por proxectos no marco de convocatorias públicas e/ou Contratos ou Convenios nos últimos 5 anos.
 - Ten, como mínimo, 3 teses lidas nos últimos 5 anos.
-
- Stefania Barca
 - Jose María Cardesín Díaz
 - Jacob Copeman
 - Ramón Fábregas Valcarce
 - Lourenzo Fernández Prieto
 - Marco V. García Quintela
 - Rubén C. Lois González
 - Edelmiro López Iglesias
 - Laura Oso Casás
 - Xavier Simón Fernández



2. Programa de despegue da axenda científica e da excelencia
3. Programa de incorporación de talento e desenvolvemento da carreira científica
4. Programa de formación
5. Programa de colaboración estratéxica coa contorna
6. Programa de transferencia
7. Programa de Ciencia Aberta
8. Programa de internacionalización
9. Programa de comunicación e divulgación
10. Programa de desenvolvemento da gobernanza e xestión
11. Programa de financiamento

Susana Reboreda lembra o seu interese neste proxecto e pide ter unha participación activa no mesmo. A vicerreitora de Investigación lembra que os centros son abertos á participación de todos os investigadores que amosen o seu interese.

Apróbase por asentimento a creación do CISPAC.

8. Informe sobre transparencia na Universidade de Vigo correspondente ao ano 2020.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación que pasa a expoñer as liñas fundamentais do informe, que foi achegado xunto co resto da documentación aportada á presente xuntanza. Lembra que a nosa Universidade é unha das tres de España que presentan este informe e que temos un alto grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa, sendo a única que publica as retribucións brutas de todo o equipo de goberno. Da conta das visitas ao portal de transparencia (en torno a 65.000 anuais), do que a sección máis visitada é “UVigo en cifras”. Expón as clasificacións da UVigo nos ránkings Dyntra e Fundación CyT. Os bos resultados incrementan a nosa reputación na contorna nacional e internacional. A UVigo é a primeira no segundo.

Antonio Ramos Vázquez felicita á Universidade e agradece o seu traballo á Unidade de Análise e Programas, preguntando sobre o ránking Dyntra, xa que estamos a moi pouco e cita algúns exemplos de datos que se poderían cubrir. En concreto, pregunta polo item 101, en relación coas consultas ao alumnado. Propón a este respecto que se incorporen uns orzamentos participativos na Universidades, algo que xa existe noutras Universidades e que redundaría na transparencia. María Isabel Doval responde que estase a traballar no cumprimento de novos indicadores e que posiblemente a partir de outubro se poderán ter en conta, para o informe seguinte.

Conclúe o informe de transparencia.

9. Modificación, se procede, do artigo 51 h) do Regulamento de estudantes.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que explica que a modificación consiste simplemente en cambiar a expresión “informes técnicos e xurídicos” pola expresión “información técnica e xurídica”, dado que os informes, en sentido estrito, son documentos públicos que forman parte do procedemento administrativo e soamente os pode solicitar o órgano que vai resolver, no sentido expresado pola Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP).

José Ángel Álvarez pregunta se non sería necesaria a metade do Claustro como indica o regulamento para solicitar a modificación. O secretario xeral aclara que é a modificación dun erro material, ao ter empregado unha expresión incorrecta no texto.

Apróbase por asentimento a modificación proposta.

10. Creación, se procede, do grupo de traballo para a análise dos programas MEET e PAT.

O reitor cede a palabra á Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria que pasa a expoñer o punto. Lembra cal é a estrutura do grupo de traballo, que xa fora creado e é urxente a súa formación. Invita aos membros claustrais a que integren o grupo e, de non cubrirse agora as prazas, que se abra ao resto da comunidade universitaria, malia que terán preferencia os claustrais.

Artemio Mojón, Susana Reboresa e Miguel-Ángel Nombela preséntanse.

Resultan elixidas para integrar o grupo de traballo as persoas mencionadas.

11. Elección de membros da Comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado:

O reitor indica que se presentaron as seguintes candidaturas:

- Sector PDI (5 postos):
 - Ángeles Peña Gallego. Ámbito Científico. Facultade de Química.
 - Eva María Lantarón Gallego. Ámbito Científico. Facultade de Fisioterapia.
 - José Montero Reguera. Ámbito Humanidades. Facultade de Filoloxía e Tradución
 - Montserrat Cruz González. Ámbito Xurídico-Social. Facultade de Cc. Empresariais e do Traballo.
 - Juan E. Pardo Froján. Ámbito Tecnolóxico. Escola de Enxeñaría Industrial.

Presentáronse igual número de candidaturas que postos a cubrir, polo que non é preciso celebrar eleccións.

- Sector Estudantes (5 postos):
 - Antonio Manuel Ramos Vázquez. Ámbito Tecnolóxico. Escola de Enxeñaría Industrial.
 - Juan Jesús Rico Fuentes. Ámbito Tecnolóxico. Escola de Enxeñaría Industrial.
 - Luis González Varela. Ámbito Tecnolóxico. Escola de Enxeñaría Industrial.

Presentáronse menor número de candidaturas que postos a cubrir, polo que non é preciso celebrar eleccións.

- Sector PAS (5 postos):

Non se presentaron candidaturas

Resulta elixidas as persoas que presentaron candidatura.

12. Elección dos membros da comisión redactora do Regulamento de inspección:

O reitor informa do seguinte:

- Sector PDI (1 posto)
Non se presentaron candidaturas
- Sector Estudantes (3 postos)
Non se presentaron candidaturas

Ao non haber candidaturas, non procede facer eleccións.

13. Elección de representantes no Consello de Campus de Pontevedra:

O reitor informa do seguinte:

- Sector Estudantes (2 postos)
Non se presentaron candidaturas

Ao non haber candidaturas, non procede facer eleccións.

Antonio Ramos Vázquez pregunta se pode abrirse un prazo para presentar candidaturas nos casos de prazas que quedaron baleiras. O reitor entende que sí.

14. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións comezando pola letra “K”.

Artemio Mojón roga ao equipo de goberno que no calendario académico debería volverse a exames de maio e xullo, dado que se xeran problemas. Tamén opina que os TFG poderían celebrarse en setembro. Cre que é un problema estrutural. O secretario xeral aclara que son os centros os que colocan os exames. O reitor entende que se pode estudar poñer un período de exames no calendario.

Rosa Pérez comenta sobre a CIUGA, que se encarga do acceso á Universidade no SUG, e pensa que houbo unha mala praxe por parte dalgúna universidade do SUG cos datos dos estudantes á hora da captación do alumnado. Prega que non se empreguen os datos de carácter persoal do alumnado por ningunha das universidades. O reitor está de acordo e pensa que tódalas universidades do SUG deben ter o mesmo acceso aos datos, o que se tratará nunha próxima reunión.

Miguel Ángel Vázquez pide que algúns certificados que solicitan desde o servizo de PDI non se soliciten no marco da interoperabilidade das administracións, particularmente, para os certificados de profesores asociados que renovan contrato. En relación co Campus de Ourense, con poboación moi lonxeva, podería crearse un centro de estudos xeriátricos ou xerontolóxicos. O reitor comprométese a estudar o asunto burocrático co servizo. Sobre a proposta de investigación comenta que existe xa una iniciativa no marco dos fondos Next Generation que, desde o punto de vista de ciencias da saúde, está liderada pola USC.

José Ángel Álvarez Moreira pregunta sobre a posibilidade de crear unha lista de distribución específica para o alumnado. Tamén inquire polos estudos feitos sobre taxas de graduación en certas materias segundo as memorias de grao. Asemade, inquire pola posibilidade de que se responda no taboleiro electrónico ás solicitudes de información presentadas na Universidade, no sentido do artigo 41.3º da LPACAP. Pregunta polo estado do regulamento disciplinario e alude á historia da tramitación do regulamento de avaliación na Universidade de Vigo. Pregunta ao reitor si se compromete a impulsar a comisión redactora do regulamento de avaliación polo Claustro. O reitor agradece a intervención, pero indica que non se vai aprobar provisionalmente o regulamento de avaliación, dado que o vai redactar unha comisión. O secretario xeral aclara que é unha cuestión que corresponde aos centros. Por outra banda, non é posible dar resposta por taboleiro electrónico ás peticións de información. (Anexo I)

Iván Area comeza cunha cuestión que entende de calado sobre o estudo Galiza 2030, levado a cabo por FEUGA. Pregunta se se vai tratar este asunto nun Claustro posterior dado que desconfía do tipo de estudo realizado. Pensa que a Universidade está destinada fundamentalmente ao coñecemento e non a ser un fábrica de postos de traballo. En concreto di: “Quixera hoxe comezar por unha cuestión de enorme calado, que implicitamente tratou o Reitor nas súas intervencións de hoxe. Recentemente saíu o anuncio do estudo Galicia 2030, no que a Xunta de Galicia contratou en Feuga "un estudo para coñecer as profesións que necesitará a comunidade galega no futuro". Ata aí non teño nada que dicir. A Xunta pode contratar o que queira con quen queira, sempre que respecten a normativa vixente en materia de contratos administrativos. O que resulta realmente chocante é que ese informe sexa a única referencia nos debates sobre futuras titulacións, tanto de grao como de mestrado. Os problemas que detecto son varios. Por unha banda, quixera preguntarlle ao señor Reitor en que intre perdemos a chamada autonomía universitaria, ou se prefire, que indique neste Claustro que é o que queda dela. Pero por suposto, resulta interesante reflexionar sobre se a universidade debe ser única e exclusivamente unha fábrica de man de obra ou aínda queda algunha posibilidade de formar persoas no coñecemento. Resúltame “curioso” que non só definan os graos e mestrados que debemos impartir as universidades, senón que incluso se atreven a definir módulos que deben ter os estudos. Teremos que convocar un claustro para saber se xa estamos no máis duro capitalismo cognitivo? ou aínda hai esperanza de ser quen de definir a folla de ruta do que a universidade quere? Cando

valoraremos a formación intelectual (non necesariamente profesional)? O coñecemento é un valor en si mesmo e un valor común, señor Reitor. Estamos, xa que logo diante dunha dicotomía. Podemos pensar que a universidade expide títulos que habilitan para traballar. Que o traballo é unha actividade humana medida a través do rendemento. Que a actividade laboral necesaria para unha sociedade se identifica por aquela que xera plusvalía. Ou ben podemos pensar que a universidade é unha institución que xera coñecemento e educación. Que o traballo é un dereito e que tamén pode medirse en termos de integración, méritos, capacidade e igualdade. Que a actividade laboral necesaria para unha sociedade se identifica con aquela que contribúe a manter e mellorar unha sociedade democrática. E que a planificación educativa se realiza a través dun diálogo entre diferentes axentes. Queda, xa que logo, pensar que é o que esta universidade quere. Mentres a Universidade de Vigo está inmersa nun debate sobre mover ou non mover a ubicación de determinados centros e graos, está o debate do plan de financiamento e o mapa de titulacións”.

O reitor indica que se trata dun estudo encargado pola Xunta, de tipo prospectivo, e que se trata dunha oferta ás Universidades do SUG, que poderán elixir ou non as titulacións listadas. Fala do caso da titulación de intelixencia artificial. Concorda con Iván Area en que a Universidade non debe servir só para formar traballadores cualificados. No estudo de FEUGA non aparecían por exemplo as titulacións humanísticas, como defendeu o representante do empresariado nas reunións. Comenta o reitor que xa se puxeron en marcha consultas aos centros da Universidade de Vigo sobre os títulos ofertados.

Continúa Iván Area: “Noutra orde, distintas compañeiras/os e estudantes da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo solicitaron que preguntase neste Claustro universitario da Universidade de Vigo polo comezo do Mestrado en Enxeñaría Aeroespacial. A situación é bastante complexa xa que a Universidade da Coruña tamén solicitou ese Mestrado profesionalizante. A Xunta de Galicia obrigou a que fose un Mestrado interuniversitario entre as dúas universidades, Coruña e Vigo. Obviamente as memorias deben ser elaboradas polos centros, nomeadamente a Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña e a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo. A escasa cooperación por parte do centro da Universidade da Coruña está a imposibilitar que comece este mestrado, polo que o alumnado ten que marchar fóra para poder continuar os estudos. Por tentar situar, creo que o posicionamento da nosa institución sería moito máis duro se no lugar de ser os dous centros citados, tivéssemos unha situación semellante cun bloqueo por parte da Escola Politécnica Superior de Ferrol para o mestrado profesionalizante en Enxeñaría Industrial, sendo a outra parte a nosa Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo. Supoño que ninguén dos presentes admitiría, soportaría, aguantaría ou mesmo aturaría que máis de 60 estudantes de grao en Enxeñaría Industrial non puidesen continuar estudos. Ou se prefiren, podemos preguntarnos que acontecería se tivéssemos que coordinar o mestrado profesionalizante de Dereito coa USC, cunha situación de bloqueo e non podermos impartir o referido mestrado. A situación das escolas de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo de Ourense e Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos de Coruña pode sentar un precedente que semella que agora ninguén valorou. Espero comprendan as persoas deste Claustro que a Universidade de Vigo ten tres campus, todos eles cos mesmos dereitos e obrigas. Que a Universidade de Vigo ten 29 centros, case todos eles cos mesmos dereitos e obrigas (por case todos, refírome en particular ao Centro Universitario de la Defensa, e a outros centros adscritos). E que a Universidade de Vigo imparte 63 graos universitarios, e o seu alumnado ten case todo os mesmos dereitos e obrigas. Por todo isto, rogo que fagan as xestións oportunas para desbloquear a situación e que o mestrado poida comezar á maior brevidade, respectando que a docencia debe ser impartida na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, no campus de Ourense da Universidade de Vigo.”

Sobre o mestrado indica o reitor que comparte completamente o desexo, malia que non depende completamente da nosa Universidade, dado que é fundamental para completar as ensinanzas da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. O acordo é completo entre ambas reitorías. Tentarase de que chegue pronto ao mellor porto, considerando os atrancos presentes.

Comenta tamén Iván Area, retomando as preguntas de Artemio Mojón: “Este xoves terei o exame da segunda edición da acta. A día de hoxe non sei canto alumnado está matriculado nin quen ten dereito a facer a proba, pois non están abertas as actas. O que é peor, non estarán abertas ata despois de celebrar o exame. Iso non é aceptábel, xa que o profesorado debe saber que alumnado ten dereito a realizar as probas

antes da súa realización. Este problema xa aconteceu na primeira edición da acta, ao tratarse dunha materia bimestral. Terei que pedirlle ao alumnado que asine un documento onde diga que reúne as condicións para

facer a proba e que no caso de non ser así renuncia á súa cualificación. Penso que non é un bo xeito de traballar, nin para o alumnado nin para o profesorado. Finalmente, para rematar a parte de novos rogos, solicito información pública sobre a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, en particular sobre as actividades de Política Lingüística coordinadas coas outras universidades”. O reitor comenta que se estudarán estes asuntos, en relación coas intervencións vertidas ao respecto.

Comenta asemade sobre a creación do CISPAC: “Se estou no certo este é o terceiro centro de investigación interuniversitario que, nos últimos tempos, aparece como punto da orde do día para a súa aprobación no Claustro da Universidade de Vigo. Primeiro foi o CITMAGA, Centro Interuniversitario de Matemáticas de Galicia. Despois foi o ECOBAS, Economics and Business Administration for Society. Agora temos como punto da orde do día a aprobación do CISPAC, Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais. Penso que as tres iniciativas son de altísima importancia para as tres universidades e para o país. Ademais, como o seu nome indica son centros interuniversitarios. Polo que respecta aos dous centros que coordinará a Universidade de Santiago de Compostela, nomeadamente CITMAGA e CISPAC, véñense detectando numerosas cuestións que indican que por momentos esquécese do carácter interuniversitario destes centros de investigación. Xa que logo, prego ao equipo de goberno que vele polos intereses da Universidade de Vigo nestes centros, dos que forma parte en igualdade de condicións que o resto das universidades do sistema universitario de Galicia”. O reitor responde que recolle a luva e a vicerreitora de Investigación comenta distintos atrancos de tipo administrativo que houbo na tramitación dos distintos centros interuniversitarios.

Iván Area lembra os rogos previos de Claustros anteriores, todos eles sen responder:

“1) Quixera saber o estado do protocolo, camiño ou folla de ruta para a contratación de persoas con cargo a proxectos de investigación para evitar os problemas que xa se sinalaron. Nas outras universidades galegas xa existen os correspondentes protocolos.

2) Pese aos reiterados rogos para empregarmos o nome oficial da institución, continuamos cos mesmos problemas. Recentemente remitiu un correo o servizo de apoio á investigación e desenvolvemento sobre a Publicación proposta de resolución provisional Xeración do coñecemento e Retos da sociedade.

http://www.aei.gob.es/stfls/MICINN/Ayudas/PE_2017_2020/PE_Orientada_Retos_Sociedad/FICHEROS/Proyectos_IDI_Retos_Investigacion/PRP_PID2020.pdf

No documento pdf da Agencia Estatal de Investigación podemos ver como aparecen correctamente (a nivel galego) tanto as Universidades de Santiago de Compostela como A Coruña, pero o noso nome non é correcto. Xa que logo, non se trata dun problema dos Ministerios, senón un problema interno. Rogo novamente que todos os escritos, en calquera lingua, manteñan o nome oficial da institución. Con outras palabras, solicito que se amplíe o "protocolo" de sinatura científica á documentación administrativa da Universidade de Vigo.

3) Pero non só iso. Recentemente tivemos a celeberrima enquisa ás persoas tituladas na Universidade de Vigo. Quixera por favor, compartir pantalla con todas as persoas que están neste Claustro. Xunto captura dun dos momentos do proceso, en castelán. Ou de determinadas capturas de documentos internos onde se deturpa o nome da institución e dos centros. Por suposto, tamén temos exemplos conspicuos de mesturas como o que se pode ver agora na pantalla. Certamente as presentacións melloraron moito desde a última sesión do Claustro, pero incluso no de hoxe temos erros de xénero e mesmo gramaticais no informe do reitor . Pero non pensen vostedes que só temos un problema co galego. Poden ver esta mensaxe en twitter con enormes fallos en castelán [tenta amosar as pantallas pero non é posible. Foron enviadas á Secretaría].

Á vista de todo isto, poderíamos cambiar o logo da Universidade de Vigo por estoutro, máis acorde coa ortografía que veño de sinalar, onde podería ter sido moito máis acorde á realidade anterior e simplemente engadín unha pequena errata.

4) Pregunto novamente polas actas e polas enquisas das materias bimestrais que se imparten na Facultade de Ciencias, no campus de Ourense. Como sinaléi no anterior Claustro, ou ben se suprimen os bimestres ou ben se fan as oportunas e necesarias adaptacións en todas as cuestións administrativas. Espero resposta.

5) En relación coas direccións de área, preguntei no pasado Claustro se sería posíbel ter actualizada unha relación de cargos institucionais xunto cos seus contactos institucionais. Espero resposta.

6) O conxelador de Toxicoloxía que está no edificio Martínez Risco alí segue no mesmo espazo común. Desenchufado pero alí segue.

7) A folla de servizos que produce secretaría virtual non é correcta nalgúns casos desde o punto de vista formal e é incorrecto desde o punto de vista da normalización lingüística. É importante que saia coas áreas de coñecemento da CNEAI e non con inventos internos para resolver problemas informáticos. Máis aínda, resulta case incríbel que remitan a folla de servizos unicamente en castelán. Desde o pasado Claustro non se observaron cambios.

Nesta mesma liña, e aínda que non foi motivo de cuestión en claustros anteriores, quixera preguntar por que a folla de servizos non recolle os denominados sexenios de transferencia desde a súa concesión? Como ben sabe, señor Reitor, teñen efectos económicos e administrativos desde o 1 de xaneiro de 2019 e pode ser importante p.ex. para acreditacións de docentes ou títulos. Actualmente só se inclúen cando empezan a descontar docencia e iso son efectos docentes. Se o prefire, podemos falar dos sexenios de investigación da convocatoria do ano 2018 que incorporaban o campo de transferencia do coñecemento.

8) Finalmente, pregunto novamente pola contratación do servizo de reprografía e como afecta ao Campus de Ourense. Non quixeramos estar como a Facultade de Filoloxía e Tradución que está sen servizo desde finais do curso 2018-2019”.

O reitor indica que está a saír o concurso do servizo de reprografía e que se retirará o conxelador. Mellorarase o uso de galego e se estudará como solucionar o problema coas actas. Agradece as construtivas intervencións do profesor Area, que enriquecen o debate no Claustro.

Luis González Varela amosa o seu acordo coa opinión de Artemio Mojón sobre o calendario, o que se agrava en relación cos períodos de matrícula. Apoia as reclamacións de Iván Area en relación co Máster de Aeroespaciais. Tamén entende que é necesario controlar o cumprimento das taxas, incluso de oficio, posto que os datos son públicos. Pensa que certamente é complexo ter que elixir por parte de cada Universidade entre os distintos títulos, ante a necesidade de defender a súa xeneralidade fronte a outros mais de mercado. En canto ao servizo de reprografía opina que tal vez debería ser un servizo propio da Universidade en lugar dunha concesión. Sobre o regulamento de avaliación están redactando unha proposta que presentarán á comisión. O reitor aclara que en Ourense non ha servizo de reprografía. Sobre os graos e mestrados opina o mesmo, aínda que algúns dos propostos por FEUGA lle parecen interesantes, malia que na Universidade de Vigo nunca se debateron os títulos a solicitar, porque non sería doado ir ás negociacións cunha proposta pechada. O equipo de goberno o fará o mellor posible. Entende que os criterios aprobados para os títulos son coherentes. Entende que o alumnado deberá ter as mellores opcións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 h do día 28 de xuño de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral

José Ángel Álvarez Moreira,
Representante de Estudiantes en Claustro Universitario

Con respecto al Punto 14 ‘*Quenda de Intervencións*’ de la Orden del Día de la sesión Ordinaria del Claustro del día 28-6-21, Ruego conste en acta el presente escrito, así como las respuestas al mismo, si las hubiere:

1º. Cinco cuestiones planteadas con anterioridad y que, salvo error por mi parte no han sido respondidas

¿Hay alguna posibilidad, sobre la base de los artículos 46.2.c de la LOU y 7.1.e-f del Estatuto del Estudiante (RD 1791/10), de crear una lista de distribución específica para estudiantes para que la Universidad pueda enviar información específica, que creo serían unos pocos avisos al año; y así no tener que estar en otras listas para poder recibirlos y ver los más del millar de correos anuales, la mayoría muy interesante para PDI y/o PAS, pero irrelevante para estudiantes?

¿Cuántos estudios/informes de los establecidos en el artículo 66.5 de los Estatutos en vigor (*o en el artículo 97.2 de los estatutos de 2010 y/o 2003*) se han realizado en los últimos cursos de las materias que han obtenido un resultado inferior a las tasas de graduación y/o eficiencia establecidas en sus propias memorias de grado?

¿Es correcto indicar que la Universidad de Vigo ha decidido que cualquier solicitud registrada físicamente será respondida a través del *taboleiro electrónico oficial*, incumpliendo, presuntamente, lo indicado en el artículo 41.3 de la ley 39/15 de Procedimiento Administrativo (...‘*los procedimientos iniciados a solicitud del interesado la notificación se practicará por el medio señalado al efecto por el propio interesado*’..)?

¿En qué punto de tramitación está el procedimiento para cumplir con el art.56 ‘*reglamento de disciplina académica e universitaria*’ de los Estatutos (obligatorio en todos los estatutos anteriores 1993, d421/03 y d7/10)?

¿Se han iniciado los trámites para poder evaluar a la Asesoría Jurídica sobre el número de informes solicitados (con temas de los mismos, nº respuestas remitidas por la Asesoría Jurídica y nº de estos informes/respuestas que han pasado a ser públicos y utilizados) tanto por el equipo rectoral como por los diferentes órganos y miembros de nuestra Comunidad?

Posibilidad de convertir el TFG, sobre la base de los artículos 4.2 del RD 1225/03 y 12.3y7 del RD 1393/07, en una materia con clases, con competencias generales y no particulares, y que, además, no fuera la última de la última

2º Y un comentario y unas cuestiones sobre la elaboración del Reglamento de Evaluación, tras la elección de los miembros de la Comisión redactora,

En primer lugar voy a realizar una pequeña referencia histórica a la inexistencia de un reglamento de evaluación en esta Universidad y a su tratamiento en este claustro

En los primeros Estatutos de la Universidad de Vigo, (resol 16-9-1993, no había ninguna referencia a la creación de un Reglamento de Evaluación, aunque si existía un capítulo de Garantía para los exámenes (en el Título V) Por cierto, una curiosidad, el artículo 18 del anterior reglamento de estudiantes aprobado en 2001, que es el único que se mantiene (de forma transitoria) en el actual reglamento de estudiantes (Doga 26-5-21), es copia literal del art. 234 de ese primer Estatuto de 1993

En 2003 se publican los segundos Estatutos (decreto 421/03), que en su artículo 101.1 se decía textualmente ‘*Ademais das garantías recollidas no regulamento de exames, o calendario, o horario e o lugar de exames oficiais, tanto teóricos como prácticos, deberán publicarse antes de comezar o período de matriculación e deben, na medida do posible, manter coherencia entre cursos sucesivos*

Para la elaboración del Reglamento de Exámenes se crea la Comisión nº2 de Claustro que presenta un primer proyecto de Reglamento de Avaluación e Cualificación en 2007

Pero por, entre otras, la publicación de la Ley 4/07 de modificación de la LOU, se paraliza el procedimiento ya que existía la necesidad de cambiar los Estatutos y por tanto habría que adaptar los reglamentos, los existentes y los proyectos, a los nuevos estatutos

En los terceros Estatutos, publicados en el DOGa por el decreto 7/2010, su artículo 101.1 reproduce textualmente el artículo 101.1 de los estatutos de 2003, con la única diferencia que en lugar de denominarse Reglamento de Exames, se pasa a denominar Reglamento de Avaluación e Cualificación

En la convocatoria de la sesión de Claustro del 13-12-2013, se presentaban para su aprobación un reglamento de Estudiantes (punto 6) y un Reglamento de Evaluación y Calificación (punto 7). Pero se decide aplazar ambos y se proponen y aprueban sendas normativas de procedimientos para la aprobación de respectivos reglamentos en la siguiente sesión

Pero en enero de 2014 se convocan elecciones a Claustro y Rector y se paralizan ambos procedimientos

Y en la sesión de Claustro del 9-12-14 se eligen los miembros de la comisión de redacción de nuevos Estatutos con lo cual se vuelve anular el proceso

Y para finalizar tenemos el actual artículo 74, de los Estatutos publicados en el DOGa por el decreto 13/2019, que dice textualmente ‘*A Universidade de Vigo dotarase dun regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do alumnado*’

Además creo que debo reseñar que a lo largo de estos casi 20 años, los representantes de estudiantes en Claustro (y ahora el Ceuvi directamente), ha presentado borradores de Reglamento de exámenes, en sus distintas denominaciones, a los diferentes equipos rectorales

Por tanto, y estando totalmente a favor de la comisión redactora, mis preguntas/dudas son:

- ¿Se compromete usted a hacer todo lo posible para que, al contrario que con la Comisión 2, no se vuelva a dar la razón a Churchill o al Conde de Romanones, o a Napoleón (no está claro de quien es la cita) que decía: ‘Si quieres retrasar, o distraer/desviar, la solución de un asunto, crea una comisión’?
- ¿Hay alguna posibilidad para adelantar (ya que sólo es obligatorio desde hace 18 años) y para que no se siga retrasando un curso más, que se apruebe como borrador de la Comisión alguno de los proyectos ya presentados por el Ceuvi,?
- ¿Se pueden poner plazos, para que la Comisión redactora deba concluir su labor de tal manera que antes de finalizar el año 2021 se presente un Reglamento en sesión de Claustro? Y/o en todo caso ¿puede prometer que antes de la convocatoria de las elecciones de 2022, tendremos sesión de claustro con un punto que fuere la aprobación de Reglamento de Evaluación y que no vuelva a pasar como en 2013?

Fdo,

J. Angel Alvarez Moreira